

¡ Actualidade da Peña ..!

CONTIDO:

Nova directiva

Final Copa do Rei

Colaboración socios

Teléfono da peña

Recuncho de Patarego

Nova directiva:

Logo da Asamblea celebrada o pasado domingo día 20 de febreiro de 2011, a xunta directiva elixida queda formada por:

Presidente: Jose Díaz

Bicepresidente: Juan Manuel Diaz

Secretario: M^a Jesús Reimondo

Tesoreiro: Suso Díaz

Vocais: Carlos Valle e José Manuel Saa

Os directivos que siguen nos seus cargos, agradecen ás novas incorporacións o seu ofrecemento de traballo e colaboración, así como a asistencia ós socios alí reunidos, que deron o seu apoio para seguir traballando e organizando novas actividades.

Por outra banda, tamén se aprobou por unanimidade a adaptación dos estatutos á lei de asociacións de 2.001, así como a solicitude dunha subvención á Deputación de Lugo para a celebración de varios eventos deportivos.

Noutra orde de cousas, plantexouse por parte da directiva o novo sistema de incentivos á colaboración dos socios na organización das actividades, sendo ben acollida polos alí presentes, polo que se vai por en marcha a partir desa data.

Isto consiste, en que os socios que colaboren na organización de calquer actividade que dé un rendemento económico á peña, terán a súa recompensa, con descontos en futuras actividades. É dicir, unha persoa que venda lotería, parte dese beneficio poderá empregalo en futuras actividades, tendo un desconto, como pode ser nas entradas a un partido, nas ceas, en material da peña ...

Con cada actividade na que se recauden cartos para a peña, cada socio colaborador recibirá unha suma de créditos (chamarémoslle así por non ser tan materialistas), a porcentaxe será en función da actividade e indicárase por parte da peña no seu momento. Eses créditos, cada socio poderá aplicarlos á actividade que el crea conveniente.

Pensamos que esta é a forma máis xusta de premia-lo esforzo de todos.

Dicir asimesmo, que o funcionamento da peña non variará e que todo-los socios siguen tendo os mesmos dereitos.

Xa o dice o himno do Barça "Tots units fem força".

Final Copa do Rei:

Como ben sabedes, o Barça vai disputar en Valencia o día 20 de abril a final da Copa do Rei, a máis interesante dende hai tempo. Para este partido a peña vai dispoñer de 2 ou 3 entradas, así que non se vai organizar unha viaxe.

Pero os socios que estén interesados en viaxar pola súa conta, pódennos solicitar entradas.

Para isto imos dar de prazo ata o día 18 de marzo. Tendo en conta, que xa temos varias solicitudes, moito nos tememos que imos ter que facer un sorteo. Este sorteo celebráremolo a fin de semana do 19-20 de marzo, no restaurante Oliñas do mar, no descanso do partido Barça - Getafe. Os interesados teñen que poñerse en contacto para solicita-las entradas (os que xa o fixeron non fai falla, xa están apuntados), pero non fai falla que estén presentes no sorteo. Se son agraciados comunicaráselles no momento.

A peña só se compromete á solicitude de localidades, sendo o resto da organización, viaxe-hotel..., por parte dos interesados.

Nin que dicir ten, que neste caso, só poderán optar ás entrada os socios da peña.

Os que non viaxemos a Valencia, disfrutaremos do encontro todos xuntos no Restaurante Oliñas do mar, pero disto xa se informará en próximos boletíns.

Colaboración dos socios:

Dende a peña estase plantexando a organización dun torneo de fútbol 7, a celebrar a finais de maio ou primeiros de xuño. Para isto necesitamos a colaboración dun bo número de socios. Como se vai tratar dun torneo con fines de recaudar fondos para a peña, aplicaremos o sistema explicado antes, así que o 50% do beneficio obtido nel, será repartido en créditos entre os colaboradores. O outro 50% será para o funcionamento da Peña. Gustaríanos saber con quen podemos contar para a organización deste evento, xa que se só colaboran uns poucos, non se celebrará, e este pode ser unha boa maneira de potencia-la peña e de sacar uns ingresos extra.

Por favor comentádenos a vosa intención de colaborar o antes posible, pois así nos iremos organizando e preparando o evento, que o tempo pasa moi rápido.

Teléfono da Peña:

Debido ó incremento do gasto en teléfono dalgúns directivos para temas relacionados co funcionamento da peña, vímonos na necesidade de mercar un teléfono para face-las chamadas básicas. Podedes seguir chamando ós teléfonos habituais, pero saber que a peña dispón do número 625 82 10 44 e que dende agora podedes recibir chamadas ou mensaxes dende el. Tamén podedes chamar a el e seredes atendidos por un dos directivos da peña.